

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

**A XUNTA ACTIVA UN PROGRAMA DE CURSOS GRATUÍTOS DE INGLÉS E FRANCÉS PARA O PEQUENO COMERCIO**

- *A Dirección Xeral de Comercio, da Consellería de Economía e Industria, inviste 40.000 euros na organización de cursos de idiomas a través dun convenio de colaboración coa Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, que está a contar cunha moi boa acollida por parte dos comerciantes*
- *Esta iniciativa forma parte dun plan de impulso e reactivación do pequeno comercio deseñado pola Dirección Xeral de Comercio para os próximos catro anos no que se inclúen medidas para aumentar a cualificación profesional do sector relacionadas co marketing, as novas tecnoloxías e o coñecemento de linguas estranxeiras*

**Santiago, 17 de febreiro de 2010.-** A Consellería de Economía e Industria impulsa a profesionalización do pequeno comercio retalista a través da organización dun programa de formación básica de inglés e francés, que conta coa colaboración da Consellería de Educación e que se celebrarán nas Escolas Oficiais de Idiomas de diferentes localidades galegas entre os meses de febreiro e abril deste ano.

A Consellería organiza estas actividades de formación, de carácter gratuíto e dirixidas a profesionais do sector produtivo da área de comercio e marketing, no marco dun convenio de colaboración asinado coa Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, para o que fai un investimento de 40.000 euros. A Dirección Xeral de Comercio acaba de pechar o calendario cos horarios e as datas de inicio destes cursos, que están a ter moi boa acollida por parte dos profesionais do pequeno comercio.

Co obxectivo de contribuír ao progreso e á innovación do comercio de proximidade, a Dirección Xeral de Comercio vén de deseñar o Plan Ágora, Agora Recomercia, un paquete de medidas de apoio e reactivación do pequeno comercio que se aplicará nos próximos catro anos, orientado a potenciar a a profesionalización, a competitividade e a dinamización do comercio tanto urbano como das zonas do rural galego. Dentro deste Plan contéplase un programa para a mellora da cualificación profesional dos traballadores do comercio, incidindo en aspectos como técnicas de venda, trato ao cliente, emprego de novas tecnoloxías e coñecemento de linguas estranxeiras para mellorar tamén a atención ao cliente.

Os cursos monográficos de idiomas terán cunha duración media de 40 horas e contarán coa participación de 140 profesionais. Os cursos de inglés comezaranse a impartir o vindeiro venres 19 de febreiro na Escola de Idiomas da Coruña, o luns 22 na EOI de Ferrol e na de Santiago (Sección IES do Sar) e o martes 23 de febreiro comezarán nas Escolas de Idiomas de Ribadeo, Vilagarcía e Vigo, no que se impartirán dous cursos en diferente horario. Xa no mes de abril, Ourense acollerá a celebración de dous cursos de inglés que comezarán o martes 6 e o mércores 7 de abril respectivamente. En canto aos

## **INFORMACIÓN AOS MEDIOS**

cursos de francés, está previsto que comecen o martes 23 de febreiro na EOI de Santiago de Compostela e na de Viveiro.

Os horarios destes cursos tiveron que adaptarse á dispoñibilidade dos propios centros de ensino, ao se tratar dunha iniciativa pioneira, pero que, debido á súa vontade de ter continuidade no tempo, a programación das próximas edicións deseñarase en función das preferencias e necesidades dos propios comerciantes.

**SAÚDOS,  
GABINETE DE COMUNICACIÓN DA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA**